

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

Detectada a necesidade de realizar a contratación do servizo consistente en **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**.

Dada a característica do servizo, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que o día 19/03/2013 Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que por resolución da Alcaldía do día 25/03/2013, aprobouse iniciar o expediente para a devandita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta, e os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato por procedemento negociado sen publicidade, e que se autorizou o gasto que supón a adxudicación.

Visto que se solicitaron ofertas ás seguintes empresas o día 02/04/2013:

- O TEU CARÓN, S.L.
- COESCO DEZA, S.L. (SOCYSER)
- GALAUREA, S.L.

Visto que o día 7/05/2013, foron certificadas as ofertas presentadas que constan no expediente.

Visto que o día 13/05/2013, o órgano de contratación declarou como oferta máis favorable a emitida pola empresa O TEU CARÓN, S.L.

Visto que se lle requiriu ao candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, constituíse a garantía definitiva e xustificase, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir a execución do contrato.

Visto que o día 14/05/2013 o candidato presentou escrito relativo á constitución da garantía definitiva, e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Adjudicar á empresa O TEU CARÓN, S.L., o contrato de SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, por procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á partida 231.22700 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar a O TEU CARÓN, S.L., adjudicatario do contrato, a presente resolución e citalo para a sinatura do contrato.

CUARTO. Que se publique a formalización do contrato de SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, no perfil do contratante.

Así o dispón e asina o Sr. Alcalde-Presidente D. SILVESTRE JOSÉ BALSEIROS GUINARTE, en Cerdedo a TRECE de MAIO do dous mil trece.

O ALCALDE,

ANTE MIN, O SECRETARIO